



ENTRADO 20-21



PROFESIONES



ENTROIDO 2021!

XA ESTÁ AQUÍ! XA CHEGOU O ENTROIDO DOS CASAIS!!!

CO FIN DE FACILITAR A ORGANIZACIÓN DAS FAMILIAS ADIANTAMOS OS MANDATOS COAS COUSAS QUE TERÍAN QUE TRAER AO LONGO DA SEMANA.

(MOI IMPORTANTE: SERÁ ACUMULATIVO, É DICIR, CADA DÍA TRAEREMOS O DESE DÍA MÁIS O DO ANTERIOR, MENOS VENRES).

ESTE ANO O NOSO MECO CHÁMASE CURRO E IRÁ CONTANDO QUE TRAER CADA DÍA.

O VENRES 12 VIREMOS DISFRAZADOS AO COMPLETO, PERO DA TEMÁTICA ESCOLLIDA POLOS NENOS E NENAS: **PROFESIÓN**S.

RECORDADE QUE NON VALEN DISFRACES COMPRADOS INTEGRAMENTE, SE NON CON COUSAS QUE ATOPEDES POR CASA, ELEMENTOS DOUTROS DISFRACES, ROUPA VELLA OU PRESTADA... BOTÁDELLE IMAXINACIÓN!

E UNHA PETICIÓN DOS NENOS/AS: POR QUE AS FAMILIAS NUNCA SE DISFRAZAN? E NOS CONTESTAMOS: É UN MISTERIO SEN RESOLVER!!! ANIMÁDEVOS E VIDE RECOLLER AOS VOSOS FILLOS E FILLAS CON ALGÚN COMPLEMENTO DE ENTROIDO, COS MANDATOS De CURRO. QUEN SE ANIMA????

RECORDADE QUE ESTE ANO POLA COVID19 SERÁ UN ENTROIDO DIFERENTE. OS DISFRACES NON PODERÁN TRAER COMPLEMENTOS, NIN COUSAS NA CABEZA QUE POIDAN QUITARSE, NIN SER COMPARTIDAS OU TOCADAS POLOS DE MAIS. DEBERÁN SER DISFRACES CÓMODOS PARA OS NENOS E NENAS, QUE NON LLES MOLESTEN AO ANDAR E QUE COS QUE SE POIDAN MOVER E IR AO BAÑO CON AUTONOMÍA.


LUNS 8:

CURRO DI:

UN PANTALÓN DE PIXAMA HAS DE TRAER
PARA AS TÚAS PERNAS QUENCER

MARTES 9:

CURRO DI:



UN PEITEADO ORIXINAL HAS DE POÑER
E NON TE IMOS A COÑECER
(MÁIS O PANTALÓN DO PIXAMA)

MÉRCORES 10:

CURRO DI:

PARA DESPISTAR AÍNDA MÁIS, ZAPATOS DIFERENTES POÑERÁS
E A TODO O COLE ENCANTARÁS
(MÁIS O PANTALÓN DO PIXAMA E O PEINADO ORIXINAL)

XOVES 11:

CURRO DI:

AS UÑAS PINTADAS DE CORES TES QUE TER
PARA UN ARCO DA VELLA PARECER
(MÁIS O PANTALÓN DO PIXAMA, MÁIS UN PEINADO ORIXINAL, MÁIS ZAPATOS DIFERENTES)

VENRES 12: DÍA DA FESTA DO ENTROIDO. CHEGOU A HORA:

ESCOLLE O TEU OFICIO
E VENDE A GOZAR,
NO COLE DOS CASAIS
IMOS ENTROIDAR!!!

**TEREDES QUE VIR DISFRAZADOS DE PROFESIÓNS. REITERAMOS QUE NON VALEN DISFRACES COMPRADOS INTEGRAMENTE, SE NON CON
COUSAS QUE ATOPEDES POR CASA, ELEMENTOS DOUTROS DISFRACES, ROUPA VELLA OU PRESTADA...**

**NON FAREMOS DESFILE NIN QUEIMAREMOS O MECO, CELEBRAREMOS POR AULAS E COAS NORMAS COVID. TAMPOUCO HABERÁ
MERENDOLA AÍNDA ASÍ AGARDAMOS PASALO MOIIIIII BEN. VOLTAMOS ÁS AULAS O XOVES 18 DE FEBREIRO. RECORDADE
ACOMPAÑARNOS DISFRAZAD@S Á SAÍDA!!!**